



INFORME DE INTERVENCION Nº 576/2015 de 28 de xullo

ASUNTO : INFORME CONTA XERAL 2014

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, artigos 116 e artigos 133 a 136 para os municipios de gran poboación.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, artigos 208 a 212 (TRLFL).
- Normativa autonómica de aplicación
- Orden EHA 3565/2008 de 3 d decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades Locais
- Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada por Orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA 40412004, de 23 de novembro, Regras 97 a 104 (Conta Xeral) e Regras 78 a 86 (Magnitudes orzamentarias) e anexo.
- Principios Contables Públicos acordados pola Comisión de Principios e Normas Públicas creada por Resolución da Secretaría de Estado de Facenda de 28 de decembro de 1990.
- Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Sociedades de Capital, Título VII Contas anuais, artigos 253 a 284, que entrou en vigor o 1 de setembro de 2010, derogando a Lei 2/1995 de sociedades de responsabilidade limitada.
- Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo RO 1514/2007, de 16 de novembro.
- Lei 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEPSF) e regulamento de desenvolvemento
- Orden Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro





- Guía para a determinación da "Regra do gasto "do artigo 12 da LOEPSF ara corporacións locais

1) ANTECEDENTES ,PROCEDEMENTO DE FORMULACIÓN E APROBACIÓN

Do 1 de xaneiro de 2014 a 31 / 12 / 2014 , quen subscribe non exerceu como Interventora deste Concello .

A_Intervención no Concello de Santiago , asume na práctica as labores de contabilización, pese ao imperativo legal de diferenciación de funcións que correspondería a esta entidade de conformidade coa regulación contida no Título X da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

A intervención exerce as función de fiscalización de conformidade co aprobado polo Pleno da Corporación a través das Bases de Execución do Orzamento., polo que fai as sociedades mercantís de capital integramente municipal, constan informes de auditoría externa sobre os estados financeiros e contables

Como se ven indicando en informes de Intervención reiterados, a Intervención do Concello non exerce a función fiscalizadora nas empresas municipais, non levando a cabo ningunha actuación específica ao respecto nos actos de xestión das mesmas, a excepción dos que se deducen das relación dos mesmo co propio Concello.

Como en exercicios anteriores , as auditorías que se levan a cabo por parte de auditores externos ,non se realizan baixo a supervisión da intervención nin utilizando normas de auditoría do sector público ,o que foi posto de manifesto por quen subscribe en anteriores informes á conta xeral a efectos da súa pertinente regularización en base ao establecido no artigo220 do TRLFLe con independencia da obrigatoriedade ou non de auditorías financeiras as contas as propias sociedades segundo se deprenda da normativa mercantil .

Pese aos intentos da intervención xeral , e debido a escasez de medios persoais cos que esta contou no exercicio 2104 , non foi preciso proceder a realizar as verificacións e informe complementarios .

Con carácter xeral, consta a presenza da Intervención municipal como membro das diferentes mesas de contratación convocadas polas empresas municipais; o seguimento e coñecemento da xestión das sociedades por parte da intervención do Concello se concreta na presenza, no seu caso, do/a titular da Intervención

nos distintos Consellos de Administración das mesmas, sen voto, por estar así recoñecido nos estatutos das mesmas

Constan informes de análise de estabilidade da sociedade TUSSA , e INCOLSA asinados polos directores xerentes das sociedades . Constan aprobadas as contas polos correspondentes consellos de administración .

A formación da Conta xeral , con base nos rexistros contables do exercicio , corresponde á intervención municipal de acordo co artigo 212.2 do TRLFLe regra 100 da Instrucción de Contabilidade, sendo o Presidente do Concello quen rende a conta ao Pleno, a tenor do disposto no artigo 212.1 do TRLFL e regra 103 da Instrucción de contabilidade.

Os artigos 212 e 223.2 do TRLFLL, así como as Regras 102 a104 da Instrucción de Contabilidade e Modelo Normal regulan a tramitación da Conta Xeral seguindo o seguinte procedemento :

a) Informe da Comisión Especial de Contas. O artigo 212 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,esixe que

"....as contas e a documentación complementaria estarán a disposición dos membros da Comisión (Especial de Contas) para exame e consulta como mínimo quince días antes da reunión..."

b) Exposición ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

c) Novo informe da Comisión especial de contas e análise no seu caso das alegacións

d) Someter a Conta Xeral, acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas á aprobación do Pleno para antes do 1 de outubro.

e) Render ao Tribunal de Contas a Conta Xeral(Consello de contas de Galicia) debidamente aprobada.



2) CONTIDO DA CONTA XERAL

2.1. Entes Contadantes.

A Conta Xeral está integrada, en aplicación do artigo 209.1 do TRLFLL, polas contas do:

- Concello de Santiago de Compostela
- O Organismo Autónomo Municipal Auditorio de Galicia.
- As sociedades mercantís de capital integramente municipal: Información e Comunicación Local (INCOLSA). eTransporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA) de capital 100% municipal

Anexos a conta xeral se xuntan as contas de

- Sociedade MERCAGALICIA, SA, con capital maioritario do Concello.
- Fundación Refuxio de animais

O TRLF establece no seu artigo 209 punto 4 "... Las entidades locales unirán a la cuenta general los estados integrados y consolidados de las distintas cuentas que determine el pleno dela corporación"

A "Fundación refuxio de animais " está actualmente considerada parte do sector público local do concello de Santiago no inventario de entes do sector público local que clasifica a Intervención xeral do estado (Ministerio de Hacienda y Administraciones públicas) , en aplicación do establecido no R/D 1463/2007 de 2 de novembro , polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de 12 de novembro .

A raíz desta cualificación , o concello ten obriga de seguimento da situación de equilibrio das contas da mesma, e ,remite ,dende o ano 2013 , as contas ao Ministerio en atención as obrigas derivadas da lei de estabilidade e lexislación de desenvolvemento da mesma

A Instrucción de contabilidade aplicable ás entidades locais , detalla no seu Título IV toda a documentación que integra a Conta Xeral, documentación que se reflectirá nos modelos contidos na Cuarta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local anexo a esta Instrucción. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada, con carácter xeral, por:

a) A Conta da propia Entidade.

- b) A Conta dos seus Organismos Autónomos.
 - c) As Contas das sociedades mercantís de capital integramente propiedade da entidade local.
- Forman parte da conta os Anexos aos que nos referimos con anterioridade

2.2. Documentación.

O Concello presentan as súas Contas Anuais do exercicio 2014 co seguinte detalle:

2.1) ESTRUCTURA E CONTIDO

Polo que, no que se refire á Conta Xeral do Concello de Santiago, a mesma abrangue:

-A Conta do Concello, entidade matriz. O Índice de documentos que deben integrar a Conta Xeral da propia Entidade estrutúrase do modo seguinte:

- ESTADOS E CONTAS ANUAIS DA ENTIDADE LOCAL.-
 - O Balance.
 - A Conta do Resultado económico-patrimonial.
 - O Estado de Liquidación do Orzamento.
 - Memoria.
 - Memoria de custos dos servizos formulada de acordo co establecido na Orden HAP /2075/2014 de 6 de novembro (BOE 7 de novembro de 2014) pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais

Os documentos anteriores deberán elaborarse seguindo as normas e axustándose ós modelos que se establecen na Cuarta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración local anexo a esta Instrucción.

ANEXOS ÓS ESTADOS ANUAIS

- Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.



- Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria. En caso de discrepancia entre os saldos contables ou os bancarios, aportarase o oportuno estado conciliatorio, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade.

- **A conta do Organismo Autónomo "Auditorio de Galicia"**, coa mesma estrutura que a da entidade matriz, a excepción da memoria de custes e rendementos dos servizos.

- **A conta das sociedades mercantís de capital íntegramente municipal**, e que son as seguintes:

- Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA).
- Transporte Urbano de Santiago, S.A. (TUSSA).

As sociedades de responsabilidade limitada concretan a súa documentación, en aplicación do artigo 209.3 do TRLFLL, a regra 99 da Instrucción de contabilidade modelo normal e dos artigos 254 e seguintes do RD Lexislativo 1/2010, nos seguintes Estados:

- O balance.
- A conta de perdas e ganancias.
- O estado que reflecta os cambios no patrimonio neto do exercicio.
- O estado de fluxos de efectivo.
- A memoria.

En aplicación desa normativa na actual conta xeral se inclúe dita documentación co nivel de detalle que se reflecte no índice da mesma conta

Non se presentan os estados integrados e consolidados das contas das distintas entidades, toda vez que o Pleno da Corporación non o ten determinado (Regra 101.2 : "*....En caso de que el Pleno de la Corporación así lo haya establecido, a la Cuenta General se acompañarán los estados integrados y consolidados de las cuentas que haya determinado....*").

Por outra banda, hai estados da conta que o programa contable xa non xera por falta de contido, como é o estado da débeda en moeda estranxeira e/ou operacións de intercambio financeiro.

Completan a documentación da conta xeral este informe de intervención, así como aqueles a que se refire o artigo 218 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais .

-Documentación de Mercagalia

- O balance.
- A conta de perdas e ganancias.
- O estado que reflicta os cambios no patrimonio neto do exercicio.
- O estado de fluxos de efectivo.
- A memoria abreviada
- Informe de auditoría
- Informe de estabilidade

-Documentación de Fundación refuxio de animais

- O balance.
- A conta de perdas e ganancias.
- A memoria de actividades
- Aplicación de resultados

3) INFORME AOS ESTADO CONTABLES DO CONCELLO

A Conta Xeral formouse pola Intervención Xeral, en cumprimento da regra 100 da Instrucción de Contabilidade Modelo Normal e sobre a base da información contable, constan nas Memorias integradas na devandita Conta as consideracións e /ou limitacións cas que ditas contas están formuladas .

31. Indicadores orzamentarios

A Intervención Xeral emitiu informe á liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2011 con data 20 de febreiro de 2015, así mesmo, emitiuse informe á liquidación do orzamento do Organismo Autónomo "Auditorio de Galicia".

De igual modo emitiu informe en data 23 de febreiro de 2015 sobre verificación da estabilidade a efectos do establecido na Lei de estabilidade .

Na táboa seguinte se reproduce os principais indicadores de contido orzamentario que se inclúen nesta conta e a súa comparación nos últimos anos :

**Cadro nº 1 Evolución indicadores orzamentarios
(2010-2014)**

	2010	2011	2012	2013	2014
Gasto por habitante	1.173,73	997,47	905,6	939,59	1.018,85
Esforzo inversor	0,25	0,15	0,07	0,08	0,09
Autonomía fiscal	0,45	0,52	0,53	0,61	0,61
Superávit / habita	13,66	63,16	184,62	64,66	0,64
Contrib orza ao remanente Tesour	-0,5	-4,29	9,34	1,35	0,04
% cobros exercicios pechados	0,49	0,39	0,34	0,27	0,22
% pagos exercicios pechados	0,97	0,98	0,98	0,99	0,99
%cobros exrc corrente	0,83	0,75	0,86	0,89	0,89
% pagos exercicios coirrente	0,77	0,75	0,85	0,88	0,88

Fonte : Indicadores orzamenmtarios . Contais xerais anuais .

No informe de intervención xeral asinado pola Sra viceinterventora e co visto bó do interventor do concello se pon de manifesto unha diminución do aforro bruto e neto no exercicio 2014 (se manifesta, neste último caso a incidencia da contabilización en decembro do 2014 dun total de 4.008.505,85 euros con destino a amortización anticipada de préstamos , que se materializou , basicamente ,no anticipo no exercicio 2014 das cotas de amortización correspondentes ao ano 2015)

O aforro bruto mostra unha tendencia descendente pasa de 31 millóns no ano 2011 a 12,9 millóns no ano 2014(ver informe de intervención á liquidación)

O aforro neto , manifesta unha tendencia tamén decrecente dende o ano 2011 pasando de 23,1 millóns do ano 2011 ao 6,9 millóns no ano 2013 e finalmente a 636.213,04 euros no ano 2014 .

En porcentaxe sobre os dereitos recoñecidos netos , o aforro bruto pasa de representar o 30,33% (ano 2011) ao 14,37 (ano 2014) segundo se analiza no informe da intervención xa nomeado .

No dito informe á liquidación na conclusión (páx 8) se di

" ... situación económico financeira é saneada , sendo todas as magnitudes de signo positivo .

A tendencia á diminución dos ingresos correntes obriga a manter as políticas de contención o gasto corrente , sendo poitiva a evolución do nivel de endebedamento"

A evolución que mostra o cadro nº 1 , confirma esa afirmación do informe , xa que polo que fai á contribución do orzamento a conformación do remanente de tesourería do concello (Resultado orzamentario / remanente de tesourería) pon de manifesto que, si ben partimos dunhas contribucións de signo negativo nos anos 2010 e 2011 , ca excepción do ano 2012 ,(ano no que se realiza a operación de endebedamento a longo prazo para pago a provedores : 12,7 millóns) , se produce unha clara diminución anual neste indicador, e iso, pese o baixo nivel de execución dos investimentos definitivamente consignados (o 22,34% do capítulo 6 da entidade matriz , concello)

Consta informe do Sr. Interventor de data 10 de marzo de 2015 sobre o incumprimento da regra do gasto na anualidade á que corresponde esta conta .

A este efectos compre poñer de manifesto que a situación an que se desenvolveu o incumprimento da regra do gasto no actual exercicio foi a que se reproduce no cadro nº 2 adxunto , que en síntese, é a seguinte : no orzamento de gastos inicial do exercicio aprobado polo Pleno do Concello o informe d de intervención sobre o cumprimento da regra do gasto , tivo como base un erro a "alza" na estimación do gasto que se executaría no ano 2013 (ano base de cálculo), e polo tanto ,no limite legal de gasto non financeiro do orzamento que se estimou en 81.079.874,23 , cando realmente o límite legal para o ano 2014 era de 73.218.804,44 euros

Cadro nº 2 Situación Regra do gasto ano 2014

	Limite	G computable	Cumprimento /incumprimento
Orzamento	81.195.531,23*	81.079.874,23	115.657,00
Liquidación	73.218.804,44**	75.574.242,07	-2.355.437,63

*estimado no expediente de aprobación do orzamento 2014

** limite legal resultado da aplicación da taxa de variación legal sobre a liquidación efectiva do ano 2013

Como consecuencia da inexecución real da integridade dos créditos orzamentados con carácter definitivo para o exercicio 2014 (incluídos os expedientes de incremento de gastos do orzamento por remanentes incorporados de obrigada incorporación), na liquidación do exercicio actual , o incumprimento da regra do gasto se materializou en 2.355.437,63, de exceso sobre o límite legal -en termos consolidados- os entes que estiveron cualificados como administración pública a efectos da consolidación da regra do gasto no ano 2014 foron : Concello , Auditorio de Galicia e INCOLSA .

O informe de Intervención de data 10 de marzo do 2014 , logo de describir os rateos de débeda pública dentro dos límites legais a data 31 de decembro , o período medio de pago consolidado dentro dos parámetros legais , a estabilidade en termos consolidados positiva (5,9 millóns) e a existencia de Remanente líquido de tesourería (1,7 millóns) , establece que :

"Sendo así de saneada a situación financeira , e positivos tódolos rateos indicados , resulta que o gasto liquidado no ano 2014 exceda a regra do gasto. A explicación deste exceso é , paradóxicamente , o cumprimento da normativa orzamentaria que esixe a incorporación dos remanentes de crédito financiados con recursos afectados (artigo 48.5 RD 500/1990) "e mais adiante na Páxina 10 do informe " á causa do incumprimento é a utilización dos excesos de financiamento , noutros termos , do remanente de tesourería afectado para o financiamento do gasto afectado.... "

A contía das obrigas procedentes de remanentes de crédito incorporados na liquidación do 2014 que computan a efectos da regra do gasto, logo da análise mais detallada efectuada pola propia intervención, se estima inicialmente no 54,5 % da contía do exceso do gasto, concretamente en 1.283.175,09 euros. (obrigas procedentes de gasto incorporados como remanentes que se financian con capítulo 3,6 e 9 do orzamento) cadro anexo que se incorpora a este informe, no se computan a estes efectos as obrigas procedentes de gastos incorporados como remanentes que se financian con subvencións da UE ou doutras administracións públicas xa que foron obxecto de " axuste " conforme a normativa en vigor xa a hora de calcular o gasto computable a efectos da regra do gasto (Orden Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro.)

O detalle do incumprimento por entes , se mostra no seguinte cadro :

Cadro nº 3 : Incumprimento regra do gasto ano 2014 por entes

	Limite	Gasto	Exceso	de
	Regra gasto	computable	gasto	
	A	B	(A-B)	
Concello	70.218.637,36	71.715.926,45	-1.497.289,09	
Auditorio de Galicia	1.893.699,26	1.893.699,26	0,00	
INCOLSA	1.106.467,82	1.964.616,36	-858.148,54	
TOTAL	73.218.804,44	75.574.242,07	-2.355.437,63	

O resultado deste incumprimento é a obriga legal de proceder a aprobación inmediata dun PEF que entre o ano 2015 e 2016 permita voltar a senda de cumprimento de conformidade co establecido no artigo 21 da lei 2/2012 (LOEPSF)

Pola súa parte o artigo 23 da mesma lei establece a forma e prazo de tramitación dos planes económicos –financeiros , a data do peche deste informe non foi aprobado o PEF polo Pleno do Concello ,e consta requirimento para a súa remisión por parte da Dirección xeral de Política financeira e Tesouro

No marco do informe ao PEF de obrigada aprobación , se determinarán as medidas precisas para retorno a situación de cumprimento da regra do gasto no ano 2016, que a xuízo de quen subscribe , terán como base a actuación no gasto incorporado durante o exercicio por remanentes de gasto ,pero que,necesariamente ,deberá axustar o nivel de gasto computable nos orzamentos dos propios créditos iniciais dos exercicios 2015 e 2016 , xa que , no informe de data 17 de novembro de 2014 de intervención no expediente de aprobación do orzamento inicial aprobado para o ano 2015 se “estima” o gasto computable-no orzamento inicial aprobado para o ano 2015-como límite legal en 84 millóns (84.076.050,82 euros e gasto computable no orzamento 83.987.646,77 ca consecuencia de cumprimento) cando o límite real legal é de 74.317.086,51 (resultado de aplicar a 73.218.804,44 euros a taxa legal do 1,5 % (BOE 7 de xullo de 2014))

Cadro nº 3 .Situación Regra do gasto
ano 2015

	Limite
Orzamento inicial	84.076.050,82
Limite legal	74.317.086,51*
DIF EXCESO	-9.758.964,31

*derivado da aplicación da taxa de referencia BOE

** Orzamento inicial . (Informe de intervención)

3.2 Indicadores financeiros e patrimoniais.

Cabe destacar os seguintes:

Indicadores (Evolución 2010-
Financieros 2014)

	2010	2011	2012	2013	2014
Liquidez inmediata	0,37	0,34	0,91	0,88	0,49
Solvencia a curto prazo	1,36	1,73	2,01	2,04	1,6
Endebadamento por habitante	697,58	670,82	705,99	550,08	433,74

-Liquidez inmediata. De 0,88 no 2013 pasou a 0,49 en 2014 , o que implica unha maior tensión de tesourería, por redución da marxe de liquidez

- Solvencia a curto prazo. 2,04 en 2013 pásase a 1,6 en 2014 (inclúese en este ratio, a diferenza do anterior, os dereitos pendentes de cobro): Unha redución da solvencia

- Endebadamento por habitante. No peche do exercicio 2013 era de 550,08 euros por habitante, o que se reduciu en 2014 a 433,74 . A diminución trae causa do adianto das cotas de amortización da anualidade 2015 efectuadas en decembro de 2014 que xa citamos neste informe.

3.3 Indicadores de xestión.

Estes últimos non se inclúen xa que o Concello , como en anos anteriores non aprobou orzamentos por obxectivos nin definiu indicadores de medición dos mesmos

4) OBSERVACIÓNS E LIMITACIÓNS AO PRINCIPIO DE IMAXE FIEL

No relativo ó Balance, se deixa constancia neste informe , unha vez mais , da inexistencia dun inventario de bens actualizado, e aprobado cas actualizacións legais establecidas ao respecto .

Ata o exercicio 2010 non se reflectían os movementos no inmovilizado que integra o Patrimonio Municipal do Solo. No exercicio 2011 empréganse as contas do subgrupo 24 para reflectir movementos dos bens que formaban parte de dito patrimonio, pola propia natureza dos bens e de conformidade coa definición que dos mesmos fai a Lei do solo de Galicia; en concreto, reflíctense nos movementos da conta 24 as regularizacións efectuadas de vendas de parcelas realizadas en exercicios anteriores,_(ver informes de intervención á conta do exercicio 2010 e 2011) .

É preciso insistir por esta Intervención que dito saldo non nos ofrece a súa imaxe fiel, como consecuencia da reiterada inexistencia de inventario actualizado.

Por outra banda, en memorias da conta xeral de exercicios anteriores ó 2009 se expuñan as causas que xustificaron a non imputación de custes de amortización nin provisións (a excepción da dotación para a provisión para insolvencias). Nos balances do ano 2011 e 2012 , se imputan as amortizacións dos elementos de activo que se incorporaron ao balance nos exercicios 2009, 2010 e 2011.O método e as condicións nas que se practican as amortizacións quedan reflectidos na memoria . Dándose a situación de que ,a partires do ano 2012, se fixa de novo idéntico criterio ao utilizado ata o ano 2009 , salvo polo que fai a continuidade nas amortizacións iniciadas .

Polo exposto ,na actual conta que se presenta ,non se practican amortizacións a excepción das sublimadas e non se realizou asento algún de carácter patrimonial que non se deduza da contabilidade orzamentaria

Non se ten coñecemento, a 1 de xaneiro, como consecuencia da aludida situación, da base amortizable neta a que fai referencia a Regra 19 da Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local, o que implica unha importante limitación no cálculo das dotacións de amortizacións.

Ás limitacións aludidas engádense tamén a inexistencia dun módulo informático que permita dar íntegro cumprimento ao disposto na Regra 16.2 da Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local.

Polo que fai ao **patrimonio do Organismo Autónomo "Auditorio de Galicia"**, insístease en que, de conformidade co establecido no artigo 17.a) dos Estatutos de dito organismo :

"....O Patrimonio do Organismo integrarase:

a)Pólo conxunto de bens mobles, inmobles, instalacións, servizos e semoventes que na actualidade forman a finca e o Auditorio de Galicia.

b) Polos bens que no sucesivo adquira o Organismo por calquera dos medios admitidos en Dereito, coas mesmas características que os anteriores.....".

polo que, debería terse recollido o correspondente asento de baixa no inmovilizado do Concello e alta no inmovilizado do Organismo Autónomo, polos bens titularidade do Concello incluídos no mesmo.

Esta circunstancia (ó igual que a falta de reflexo contable dos bens que forman parte actualmente do patrimonio do organismo) non é acorde ao disposto nas normas de contabilidade do sector público, segundo a situación xurídica que de ditos bens se deriva do disposto no artigo 17.2_dos Estatutos aludido.

Como conclusións das contas anuais do exercicio 2014, insístenos nos seguintes aspectos máis salientables:

1) Mentres non se elabore un inventario actualizado, de conformidade co disposto no artigo 86 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 17 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais), e se proceda á súa actualización, non se poderá dar axeitado cumprimento á obrigatoriedade legal

que se establece na regra 16.1 da Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local.

2) Sí se achega ao principio de imaxe fiel os datos de entradas e saídas de inmovilizado que representaron gasto orzamentario, así como as amortizacións practicadas dende o exercicio 2009 a 2011 respecto dos bens cuxas altas se contabilizaron dende dito exercicio, non respectan dita imaxe fiel os saldos finais das contas de inmovilizado, como consecuencia das circunstancias anteriormente postas de manifesto,.

3) A Regra 62 da Instrucción de Modelo Normal de Contabilidade Local regula a provisión para responsabilidades, e sinala

"Se constituirá si las responsabilidades estimadas tienen una probabilidad alta de producirse. El informe de los servicios jurídicos de la entidad se tomará como elemento primordial para la justificación de su registro.....". Non se teñen realizado a 31 / 12 / 2014 asentamentos por responsabilidades para o Concello derivadas de actuacións anteriores a 31 de decembro de 2014 , constando na memoria no apartado de acontecementos posteriores ao peche, as incidencias mais notorias das que a intervención ten coñecemento ao momento de pechar este informe .

4) Constan facturas incluídas na conta 413, pendentes de aplicar a orzamento, segundo a contía reflectida nas contas

5) No apartado de "Acontecementos posteriores ao peche do exercicio da memoria " se inclúen os que se consideran mais relevantes pola incidencia que se puidera derivar na interpretación imaxe fiel das contas que se pechan

Notas a " Memoria de custes " segundo criterio de cálculo de custe efectivo dos servicios

Incorpórase o estudo de custes dos servizos realizado consonte o establecido na Orden HAP /2075/2014 de 6 de novembro pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais (BOE 7 de novembro de 2014) .

En interpretación de dita orde , se imputan "gastos indirectos " da política de gastos " Administración xeral " proporcionalmente a cada grupo de

programas ou programa atendendo ao seu volume de gasto (artigo 5 Orden HAP /2075/2014 de 6 de novembro) . Se imputan aos programas ben sexan os servizos prestados por xestión directa ou indirecta . segundo se desprende da memoria de custes , o ano 2013 , se seguiu o mesmo criterio sobre a base do proxecto de orde concedeu ó no intre de peche da conta xeral 2013 .

Compre facer mención a :

- Descenso do custes directos do Alumeado publico con respecto ao ano 2013 (4.141.551,66 euros no 2014 fronte a 3.017.523,04 do ano 2014) a causa radica en que no ano 2013 se incorporou como gastos nas aplicacións correspondentes gastos correspondentes a anos anteriores en contía mínima de 457.255,12 –anos 2011 e 2012-
- Incremento de custe directos do transporte Urbano : (No ano 2013 4.363.474,97 de custes directos fronte a 7.003.784,54 no ano 2014) a causa radica en que para o cálculo do custe no ano 2013 só se incluíu a subvención municipal .

No ano 2014 seguindo o criterio da orde se incorpora os ingresos por tarifas que perciben os diferentes operadores e as subvencións achegadas polo Concello . Ademais se incorpora en émbolos dous casos os custes directos da empresa TUSSE en relación con este servizo

Ao mesmo tempo compre ter en conta que parte importante do pago por subvencións as empresas corresponde a subvencións aos prezos, en caso de colectivos especialmente protexidos polo Concello en aras da súa política de social

En termos homoxéneos o transporte no ano 2013 sumaria 7.915.627,63 euros

- Promoción da Cultura descenso dos custes directos pola separación efectuada entre : promoción de cultura e equipamentos culturais no ano 2014 segundo a orden referida



-Polo que fai a Educación : se seguiu o criterio de independizar os custes efectivos do mantemento de edificios escolares, doutros custos educativos , sendo insuficiente a información de que dispón esta intervención a efectos de poder independizar os custes efectivos da "Participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria "

- As instalacións deportivas cedidas ao Concello polo Consorcio de Santiago a efectos da súa explotación e utilización son xestionadas pola empresa XADE , Sociedade mercantil da que o Concello na que o concello non ten participación maioritaria

En relación a prestación por "xestión indirecta" da explotación das instalacións que o Concello leva a cabo a través da empresa mixta XADE (instalacións en cesión do uso ao Concello por parte do Consorcio da cidade de Santiago) , esta intervención non dispón de información para poder efectuar o estudo .

Ao peche deste informe , xa foi riquirida a sociedade para a oportuna presentación das contas as que intervención non tivo acceso , así como para a declaración dos ingresos derivados das tarifas que abonen os usuarios a dita sociedade .

De acordo co exposto , e cas observacións e limitacións que na formulación desta conta se enumeran ,,se inclúen na mesma os documentos esixidos pola normativa en vigor , polo que , a partires desta data, procede poñer a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas a Conta Xeral de 2014 así como a súa documentación complementaria para o seu exame previo a convocatoria da Comisión para o dictame, de forma que se de cumprimento ao artigo 212 Ley 5/199 ,poñéndose a disposición do Alcalde para a súa rendición e sometemento a aprobación do Pleno mediante o procedemento legalmente establecido .

Santiago de Compostela , 28 de xullo de 2015

A INTERVENTORA XERAL

Asdo : INMACULADA VIÑA CARREGAL

